



## Toponimia

### *Orixe do topónimo Combarro*

Cando Xesucristo viaxaba polo mundo, apuntando o nome dos lugares xunto aos seus discípulos, chegou a unha vila na ría de Pontevedra.

Cando foi mollar a súa pluma no tinteiro, deuse conta de que non quedaba tinta. Entón, un dos seus discípulos preguntou:

-E agora que facemos?

E Xesús respondeulle:

-Haberá que escribilo con barro...

E ese nome lle quedou a vila: Combarro.

**[Texto achegado por Jesús, de Dorrón, concello de Sanxeno (Pontevedra). Maio de 2015]**